

IV CONCURSO ESCOLAR DE DESEÑO DE MARCAPÁXINAS DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIBEIRA

A Biblioteca Pública Municipal de Ribeira convoca a segunda edición do Concurso escolar de deseño de marcapáxinas.

O obxectivo do certame é a promoción da creatividade artística e plástica entre o alumnado de Educación Primaria, mediante a elaboración dunha ilustración que amose a Biblioteca Municipal como espazo de dinamización lectora para o público infantil. Con ese deseño, o Concello de Ribeira elaborará unha tiraxe marcapáxinas que serán regalados aos usuarios e usuarias na Biblioteca Pública Municipal de Ribeira.

BASES

1. Poderán participar os nenos e nenas de educación primaria de Ribeira.
2. Os debuxos deberán ser orixinais e inéditos. Serán entregados nun folio tamaño A4 no que o deseño ocupará unhas dimensións de 29.5 x 7 cm (a terceira parte do folio).
3. Quen participen entregarán os deseños asinados con pseudónimo, na Biblioteca Municipal de Ribeira ou no Servizo de Normalización Lingüística, situados no Centro Cultural Lustres Rivas, na rúa Xornalista Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º. Acompañarase un sobre pechado (plica) onde se indicará o nome de cada participante xunto co correspondente pseudónimo utilizado e curso. Pode acompañarse dunha soa plica onde se recollan os datos de todo o alumnado dunha clase en forma de táboa.
4. O xurado estará composto por persoal municipal dos departamentos de Cultura e de Educación. A decisión do xurado será inapelable e comunicada ao centro escolar correspondente.
5. O premio consistirá nun lote de libros e un diploma.
6. A entrega do premio (diploma acreditativo e lote de libros) terá lugar nun acto que se realizará na Biblioteca Pública Municipal.
7. A Biblioteca Municipal organizará unha exposición con todos os debuxos participantes.
8. O prazo de admisión de obras estará aberto ata o vindeiro 11 de abril de 2025.

Cruz Rivadulla Márquez
Concelleira de Educación